

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

GALEGO PARA ESTRANXEIROS

En Gales ferve a nosa cultura

O Centro de Estudos de Bangor inaugura a primeira Residencia de Escritores Galegos e organiza diversas conferencias ou recitais

Redacción - 12:50 18/09/2008

De linguas minorizadas entenden moito en Gales, e de aí o seu interese en achegarse á cultura e ao idioma galego. Unha oportunidade téñena no [Centro de Estudos Galegos de Bangor](#), onde poden aprender nocións da nosa lingua, historia e narrativa galega contemporánea. No que vai de ano, o centro, que dirixe Helena Miguélez Carballeira, organizou un bo número de [actividades](#), entre as que se atopan recitais, presentacións, conferencias ou mesmo un congreso internacional.

Visitas de Chus Pato ou María do Cebreiro

Un destes actos foi unha xornada sobre poesía e tradución, que contou coa presenza da canadense Erín Moure e a escritora ourensá Chus Pato. Ambas faláron da dinámica de traducir en diferentes linguas, da literatura galega e mesmo ofreceron un recital poético bilingüe que atraeu a numerosos interesados ao Drama Rehearsal Room universitario. Ademais, tamén nestes últimos meses inaugurouse a [Residencia de Escritores Galegos](#) coa estadía de María do Cebreiro Rábade Villar. A poeta e profesora da Universidade de Santiago aproveitou a súa estadía para participar en [Aberystwyth](#) nunha conferencia sobre linguas minorizadas nun man a man coa tamén poeta e profesora universitaria Menna Elfyn ou para participar dun recital musicado onde cantou algúns dos seus propios poemas.

Entre outras actividades tamén se celebrou un congreso internacional en colaboración coa [Universidade de Liverpool](#) "Saíndo da nación: máis aló do nacional na produción cultural galega contemporánea". Alí, investigadores e artistas de diferentes partes do planeta reuníronse para falar sobre a literatura galega contemporánea e sobre os novos espazos teóricos e creativos que esta ocupa. Ademais, os alumnos que quixeron achegarse até Galiza tiveron a súa oportunidade coa participación en cursos de verán de lingua e cultura galega para estranxeiros levados a cabo en Santiago de Compostela.